

CONVOCATORIA DE CURSO

Prevención de Riscos en Montaña nivel 1

ÁREA SEGURIDAD

COLABORACIÓN EGAM-EEAM

O comité de Seguridade da FEDME traballou en conxunto coa EGAM e a EEAM para poder levar a cabo o seguinte curso:

1. Titulación:

Curso Prevención de Riscos en Montaña nivel 1.

Primeiro curso dos tres que compoñen o Plan de Formación xeral en Prevención de Riscos e Seguridade en Montaña deseñado polo Comité de Seguridade FEDME para a Escuela Española de Alta Montaña.

2. Obxectivo do curso:

- Servir de introdución á Metodoloxía da Prevención de Riscos.
- Identificar os perigos intrínsecos ás actividades e deportes de montaña.
- Avaliar os riscos da actividade.
- Realizar unha correcta planificación básica da actividade.

3. Competencias da titulación:

Curso imprescindible para realizar o nivel 2.

4. Coordinación e dirección do curso:

Colaboración EGAM-EEAM

5. Prazas ofertadas:

Este curso convócase para un máximo de 25 prazas. De non chegar aos 18 matriculados/as, devolverase o importe da matrícula e/ou se aprazará o curso.

6. Requisitos do alumnado:

Atoparse en posesión da licenza federativa do ano en curso.

7. Prezo:

O curso terá un prezo de

50 € deportistas federados/as con licenza FEDME

61,50 € deportistas federados/as con licenza autonómica FGM

8. Programa Mujer y Deporte do Consejo Superior de Deportes:

Grazas ao programa de becas Mujer y Deporte do CSD, unha vez finalizado e superado o curso, poderemos devolver o importe da matrícula ás **primeiras 10 mulleres Federadas FEDME** inscritas.

9. Lugar, data e horario da fase presencial:

Lugar: Centro galego de Tecnificación Deportiva
Rúa Padre Fernando Olmedo 1, 36002 - Pontevedra

Data: **Domingo 6 de novembro de 2022**

Horario da xornada presencial: de 9h a 15h

10. Modalidade do curso:

Semipresencial

11. Carga horaria

O curso ten unha carga horaria de **18 h** lectivas. Componse dun **bloque on line** (de 12 h estimadas de dedicación) e unha xornada **presencial de 6 h** lectivas.

12. Contidos e distribución da carga horaria.

Sesión presencial 6h.

1. Seguridade en Montaña

- Definición e concepto
- Nivel de Seguridade Aceptable
- Concepto de Seguridade Xurídica

2. Perigo en Montaña

- Definición e concepto
- Identificación do perigo
- Tipos de perigos

3. Risco en Montaña

- Definición e concepto
- Clasificación de riscos
- Avaliación do risco

4. Accidente en Montaña

- Definición e concepto
- Clasificación
- Causas

5. Planificación da actividade

- Definición e concepto
- Código de Seguridade FEDME

Bloque on line 2 cursos, de dedicación estimada 6 h cada un a realizar en e-campus FEDME despois do encontro presencial

1. Curso Gestión del Riesgo (EEAM)
2. Curso de Responsabilidad Civil (EEAM)

13. Profesorado

Manolo Taibo. Responsable da Área de Seguridade da FEDME.

14. Certificado de aproveitamento

A EEAM expedirá e remitirá aos participantes, que **asistiron á fase presencial e teñan cursado e superado o bloque on line**, un certificado de aproveitamento FEDME do curso.

Deberás descargar os certificados dos dous cursos on line e enviarlos á dirección da EEAM dirformacion@fedme.es para xustificar a súa realización e poder así, recibir o teu certificado.

15. Inscripción e prazos

Para realizar a inscrición, débese:

1. Facer o pago da matrícula na conta número **2100-0674-70-0200190150**
2. Rechea o seguinte [formulario](#):

https://docs.google.com/forms/d/1_mN-G0efRDnbhDZ6Zynoom0CE1JQTwijsJr9hGKfbMeo/edit

Ao realizar este ingreso **deberase detallar, no concepto, NOME E APELIDOS do interesado/a e título do curso**.

A data límite para realizar a inscrición será o **2 de novembro de 2022**

16. Información e contacto

Para resolver calquera dúbida sobre o curso, pódese contactar coa dirección de correo electrónico dirformacion@fedme.es, seguridad@fedme.es ou no teléfono 93 426 42 67.

Ou ben, na Federación Galega de Montañismo, teléfono 986 208 758, na Rúa Fotógrafo Luís Ksado, 17 (of. 10) en Vigo, ou a través do correo secretaria@fedgalmon.gal, info.egam@gmail.com